

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO 2021-2022



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **I.E.S. Terra de Soneira**

Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	6
3. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO.....	9
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	21
5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	290
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	292
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN USAR.....	293
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	294
9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	299
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	299
11. ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS.....	300
12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS PARA ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	300
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	302
14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	303
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO.....	303
16. MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	305
17. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	306
18. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO.....	307
19. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	307
20. PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN.....	309
21. PROGRAMACIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 2021-2022.....	322

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 SITUACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES Terra de Soneira (Vimianzo) comezou a funcionar no curso 1983-84. O centro foi inicialmente concibido para impartir a Formación Profesional de 1º grao.

Na actualidade impártase Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato, e dous ciclos de Formación Profesional (ciclo de Xestión administrativa de grao medio e Xestión administrativa de grao superior).

Os alumnos proveñen na súa maioría dos colexios públicos de primaria San Vincenzo (Vimianzo) e Baíñas; porén algúns alumnos de ESO veñen do IES de Ponte do Porto.

Na etapa educativa non obrigatoria (Bacharelato), ademais do alumnado procedente da ESO do mesmo IES Terra de Soneira, incorpórase o alumnado do IES Ponte do Porto que cursou alí a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria.

Dado a localización do centro educativo, pódese afirmar que se trata dun centro eminentemente rural, onde unha gran parte das familias residentes traballa no campo ou no mar (familias de alumnos procedentes de Camariñas).

No curso actual, o centro conta con 291 alumnos/as matriculados/as. Con respecto aos datos sociolingüísticos do centro, a lingua que usa a cotío maioritariamente o alumnado é o galego, tanto no ámbito familiar como social (os amigos, a escola, etc.). Deste xeito, podemos afirmar que a actitude xeral do alumnado cara á práctica e estudo da nosa lingua é moi favorable, pois a maioría posúeo como lingua materna.

1.2. PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE

Esta programación abrangue os catro cursos de ESO e os dous de Bacharelato, onde a materia de Lingua galega é obrigatoria para todo o alumnado.

O Departamento imparte tamén a materia de **Lingua portuguesa** en 3º de ESO e 1º de Bach. (4 horas de docencia), e materias de libre configuración en 1º e 2º de ESO cunha carga horaria dunha hora semanal respectivamente: **Obradoiro de teatro** (1º de ESO) e **Iniciación ás artes escénicas** (2º de ESO).

A **distribución da docencia do Departamento** é a seguinte:

María Jesús Barbeira: Lingua galega 1º e 2º de ESO; e materias de libre configuración 1º e 2º de ESO.

María Lorena Suárez Pazos: Lingua portuguesa 3º de ESO e 1º de Bach, Lingua galega 2º de ESO (Agrupamento), 3º de ESO e 1º Bach.

Carmen Fariña Miranda: Lingua galega 2º de ESO (Agrupamento), 4º de ESO e 2º de Bacharelato.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

- a) comunicación lingüística (CCL)
- b) competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- c) competencia dixital (CD)
- d) aprender a aprender (CAA)
- e) competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) conciencia e expresións culturais (CCEC)

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.

- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Competencia dixital (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese

adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- ***Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.***

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

3. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

3.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

A) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo aianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

B) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

C) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

D) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

E) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

F) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

G) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

H) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

I) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

L) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

M) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

N) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

O) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono.

OBXECTIVOS POR CURSO

OBXECTIVOS PARA 1º ESO

1. Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
2. Realizar discursos adecuados á situación comunicativa.
3. escoitar os demais e interpretar correctamente as súas ideas.
4. Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
5. Entender textos de diversos xéneros.
6. Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
7. Desenvolver o pensamento crítico e creativo.
8. Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.
9. Escribir textos coherentes e adecuados.
10. Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal.
11. Recoñecer un texto literario e identificar o xénero ao que pertence.
12. Ler, comprender e interpretar textos literarios e non literarios
13. Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.

14. Entender o concepto de plurilingüismo e coñecer algunhas linguas que se falan en Europa e no mundo.
15. Entender a diferenza entre lingua oficial e lingua non oficial.
16. Identificar as linguas da península Ibérica e a súa situación.
17. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
18. Coñecer a lexislación básica sobre o galego.
19. Coñecer as principais variedades na fala do idioma galego
20. Coñecer o ámbito de uso do galego fóra das nosas fronteiras.
21. Coñecer a presenza do galego en Internet.
22. Recoñecer a utilidade do galego.
23. Coñecer o concepto de *prexuízo lingüístico* e identificar diferentes actitudes lingüísticas.
24. Recoñecer a responsabilidade dos falantes no futuro da lingua.
25. Recoñecer a importancia de usar a lingua con corrección.
26. Ampliar o vocabulario e manexar dicionarios.
27. Coñecer a morfoloxía das palabras e como se clasifican segundo a súa estrutura.
28. Coñecer e utilizar correctamente o alfabeto galego.
29. Distinguir sílabas tónicas e átonas e identificar ditongos e hiatos.
30. Recoñecer semántica e formalmente os substantivos e clasificalos.
31. Coñecer as normas de formación do plural.
32. Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes dados.
33. Recoñecer os adxectivos cualificativos e os seus graos.
34. Identificar os artigos e adxectivos determinativos e a súa función.
35. Coñecer as formas dos adxectivos determinativos: indefinidos, interrogativos, exclamativos e numerais, e aplicarlas correctamente nas producións propias.
36. Recoñecer e aplicar correctamente as formas tónicas e átonas dos pronomes persoais.
37. Recoñecer o verbo, analizar os seus compoñentes morfolóxicos, utilizar correctamente as formas nominais e saber conxugar verbos regulares.
38. Recoñecer os adverbios e a súa función, e identificar as distintas clases de adverbios e locucións adverbiais.
39. Identificar preposicións e conxuncións.
40. Coñecer e aplicar os sufixos e prefixos máis habituais.
41. Comprender que é un campo semántico.
42. Lembrar e practicar as relacións semánticas de sinonimia, polisemia e homonimia.
43. Traballar con termos contrarios.
44. Formar palabras compostas.
45. Identificar castelanismos léxicos e préstamos lingüísticos.

46. Coñecer e aplicar as regras de acentuación.
47. Coñecer e aplicar as normas de ortografía: uso de i, ll e x; uso de b e v; uso de s ou x; distinción de palabras con e sen h; uso de maiúsculas, punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos e signos de interrogación e de admiración.
48. Coñecer os xornais e analizar unha noticia.
49. Analizar textos publicitarios.
50. Redactar textos descritivos, expositivos e instrutivos.
51. Crear unha carta a partir duns modelos.
52. Recoñecer e analizar a estrutura e os elementos do xénero narrativo: narrador, personaxes, espazo e tempo.
53. Escribir o comezo dunha narración e cambiar historias de acordo con pautas dadas.
54. Diferenciar entre contos literarios e populares e recoñecer as características destes últimos.
55. Recoñecer as características das lendas.
56. Crear unha historia fantástica a partir dunhas pautas dadas.
57. Recoñecer as características específicas do xénero lírico.
58. Identificar a rima e algunhas figuras literarias en textos poéticos.
59. Analizar textos pertencentes ao xénero lírico e identificar certas estrofas.
60. Recoñecer algunhas manifestacións da lírica popular: cantigas e romances.
61. Crear poemas e cantigas.
62. Recoñecer as características básicas do texto dramático.
63. Transformar e crear textos teatrais.
64. Analizar os elementos propios da linguaxe do cómic.

OBXECTIVOS PARA 2º DE ESO

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.
6. Elaborar argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e

fonética.

10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.
12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.
14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas..., expoñendo e argumentando as ideas propias.
15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
16. Desenvolver estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.
20. Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.
22. Realizar unha lectura en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.
26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.
27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o

vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.

30. Coñecer e empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.
31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.
32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilízalos en textos escritos con corrección.
33. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.
34. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
35. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
36. Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.
37. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
38. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.
39. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galegas e describir a situación legal das linguas do Estado español.
40. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
41. Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
42. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
43. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
44. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
45. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analízalos en diferentes obras de cine.

OBXECTIVOS PARA 3º ESO

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais cunha fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara á dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados,

sobre temas da vida cotiá ou académica.

7. Realizar exposicións orais planificadas con axuda das TIC.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
13. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias.
16. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
17. Identificar os conectores e outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos.
18. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
19. Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
20. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
21. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
22. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuízos.
23. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
24. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
25. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
26. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
27. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
28. Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
29. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

OBXECTIVOS PARA 4º ESO

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de

carácter argumentativo e publicitario.

2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
8. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
16. Recoñecer e usar a fonética do galego.
17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.

3.2. OBXECTIVOS XERAIS PARA BACHARELATO

- A) Exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galiza, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- B) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma, desenvolver o seu espírito crítico e ser quen de prever e resolver pacífica e dialogadamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- C) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- D) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina intelectual, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- E) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- F) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- G) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).
- H) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- M) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- N) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- P) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza e contribuír activamente á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.2.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 1º BACHARELATO

1. Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rico e rigoroso
3. Respectar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
4. Ler comprensivamente.

5. Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
6. Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
7. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
8. Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de enriquecemento e satisfacción persoais.
9. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
10. Comprender e reflexionar sobre os principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
11. Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
12. Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
13. Recoñecer a presentación e a corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
14. Repasar casos de ortografía dubidosa.
15. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.
16. Recoñecer e identificar os trazos característicos de outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores), así como a súa tipoloxía.
17. Recoñecer e identificar as características lingüísticas do verbo e os seus usos (a conxugación verbal regular e irregular, as perífrases verbais, o infinitivo conxugado).
18. Caracterizar (intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas), identificar e producir textos descritivos, narrativos, argumentativos, expositivos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.
19. Identificar as características lingüísticas e a tipoloxía dos conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas).
20. Empregar adecuadamente conectores para dotar de coherencia as propias producións.
21. Recoñecer e identificar as características lingüísticas dos adverbios e conxuncións adverbiais, a súa tipoloxía e os seus usos.
22. Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
23. Comprender e describir o proceso de formación do idioma galego e das demais linguas romances a partir do latín.
24. Identificar os elementos constitutivos do galego procedentes do substrato e do superestrato, así como do estrato latino.

25. Recoñecer as principais evolucións fonéticas que se producen no proceso de transformación do latín ao galego.
26. Distinguir e empregar adecuadamente os cultismos, semicultismos e as palabras patrimoniais.
27. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX) e ser quen de localizalas e analizalas en textos.
28. Identificar e describir os principais factores relativos ao contexto histórico, social, político, filosófico, relixioso, etc. que condicionan e determinan a evolución social e de usos do idioma galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX).
29. Coñecer e valorar a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
30. Comprender e empregar adecuadamente nas análises os conceptos básicos da sociolingüística.
31. Definir con rigor os conceptos de “literatura” e “texto literario”.
32. Caracterizar os diferentes xéneros literarios e analizar os seus principais recursos.
33. Describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
34. Contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente textos literarios das diferentes etapas.
35. Recoñecer e analizar textos da literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
36. Recoñecer e analizar textos da literatura dos chamados Séculos Escuros e da Ilustración, así como da literatura popular oral.
37. Recoñecer e analizar textos literarios do século XIX, correspondentes ás fases do Pre-Rexurdimento e do Rexurdimento, en particular das principais figuras dese período: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Pondal.

3.2.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 2º BACHARELATO

1. Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso.
3. Respetar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
4. Ler comprensivamente.
5. Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
6. Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
7. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
8. Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal.

9. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
10. Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
11. Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
12. Recoñecer a presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
13. Repasar casos de ortografía dubidosa.
14. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
15. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
16. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
17. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
18. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos, e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
19. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
20. Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
21. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
22. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a súa historia.
23. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
24. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.
25. Identificar, analizar e describir a literatura galega desde principios do século XX ata a actualidade, en todos os seus xéneros e subxéneros e con todas as súas correntes estéticas sucesivas.
26. Ler e comentar textos significativos da literatura galega desde principios do século XX á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e recoñecer a súa relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero a que pertencen.
27. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Na presente programación aparecen relacionados os estándares de aprendizaxe avaliáveis coas competencias clave, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

En primeiro lugar establécese a temporalización por trimestres, á parte, en cada estándar, ao final aparece a temporalización mensual.

Os contidos do 1º bloque, “Comunicación oral: escoitar e falar”, e en parte os do 2º bloque, “Comunicación escrita. Ler e escribir”, van ser traballados ao longo do curso, de modo que non aparecen *en moitos casos* temporalizados por mes.

Desta forma, dentro de cada estándar avaliábel aparecen os mínimos esixibles para aprobar a materia xunto co peso proporcional (porcentaxe) avaliado en xeral (azul), procedementos e instrumentos de avaliación (verde), temporalización mensual por temas (verde).

No 1º trimestre, temos como **días festivos** o 11, o 12 de outubro, o 6 e o 8 de decembro. O centro escolleu o día 7 de decembro. A **avaliación** quedou fixada para os días 1 e 2 de decembro de 2021 e a entrega de **notas** será o 3 de decembro.

No 2º trimestre, as clases comezan o luns 10 de xaneiro. Como **días festivos** temos o 17 e o 18 de febreiro (o entroido). A **avaliación** quedou fixada para o 8 e o 9 de marzo. As **notas** entregaranse o 10 de marzo.

No 3º trimestre, as vacacións de Semana Santa son do 11 ao 16 de abril. Como **día festivo** temos o martes 17 de maio, Día das Letras Galegas, e o centro escolleu o luns 16, co cal o centro fará ponte nesas datas. A avaliación será os días 6 e 7 de xuño.

Finalmente, a **avaliación extraordinaria** será o 23 de xuño, despois de rematadas as clases, a non ser que a Consellería de Educación dea outras indicacións.

1º ESO

TEMPORALIZACIÓN DE UNIDADES POR TRIMESTRE E MENSUAL: CONSIDERACIÓNS XERAIS E PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN

En xeral respectaremos a evolución e disposición do alumnado cara á aprendizaxe da materia, dándolle prioridade á motivación para aprender sobre calquera tipo de rixidez relacionada coa cantidade de estándares ou axuste temporal deles. Polo tanto, esta temporalización (que aparece na programación específica de cada curso) é aproximada, de maneira que cada docente poderá combinar ou agrupar sesións en función das especificidades ou necesidades que presente cada grupo de alumnado e tamén en función da organización das actividades ou da metodoloxía empregada.

A previsión temporal será revisada ao final de cada trimestre e mais na Memoria final do departamento, e avaliaremos o seu cumprimento coa finalidade de, en caso necesario, realizar propostas para a súa modificación de cara ao curso seguinte.

A primeira semana de clases farase un repaso de cuestións básicas relativas á ortografía, morfoloxía e vocabulario basicamente para avaliar os coñecementos dos alumnos, na súa maioría procedentes de Primaria. Isto será moi útil para determinar o nivel xeral do grupo, así como para extraer conclusións de cara á avaliación inicial do alumnado por parte do conxunto de profesorado do nivel correspondente.

O libro de 1º de ESO Anaya está dividido en 12 unidades que se axustan aos contidos propostos para este nivel. Deste xeito, corresponden 4 temas por trimestre:

1º TRIMESTRE

TEMA 1: setembro

TEMA 2: setembro-outubro

TEMA 3: outubro-novembro

TEMA 4: novembro

2º TRIMESTRE

TEMA 5 : decembro

TEMA 6 : xaneiro

TEMA 7 : xaneiro-febreiro

TEMA 8 : febreiro

3º TRIMESTRE

TEMA 9: marzo

TEMA 10: marzo

TEMA 11: abril-maio

TEMA 12: maio

1º de ESO

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	de Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). ▪ Comprende e interpreta a idea xeral de textos orais (noticias) e trasládaos a resumos sinxelos, pero expostos con coherencia. 70% ▪ Exercicios de clase e proba oral. ▪ Novembro (a prensa). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. ▪ Comprende e interpreta a idea xeral de textos orais (noticias) e trasládaos a resumos sinxelos, pero expostos con coherencia. 70% ▪ Exercicios de clase e proba oral. ▪ Novembro (a prensa). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
-Lédica Costas: *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, Xerais

-Xosé Miranda: *As mans do medo*, Xerais

-Agustín Fernández Paz: *Corredores de sombra*, Xerais

-T. S. Easton: *As rapazas non saben pegar*, Sushi Books

-Calquera dos libros obrigatorios non escollidos anteriormente (só no 3º trimestre)

-Ou calquera libro da Biblioteca do centro ou da biblioteca virtual Bega-Elbe2, previa consulta e confirmación das docentes

3º e 4º de ESO:

-70%: Probas teóricas

Xeralmente realizaranse cada dous temas, de xeito que o habitual é que realicen dúas probas por avaliación. Estas probas centraranse nos contidos desenvolvidos durante a avaliación. Contarán sempre con parte teórica e parte práctica e con contidos lingüísticos e literarios.

O resultado final da proba pode verse diminuído ata 2 puntos por faltas de ortografía. Descontaranse atendendo aos seguintes criterios: 0,2 por cada falta de ortografía grave e 0,05 por acento.

-10%: Traballos prácticos de aula.

En todas as unidades haberá entregas de probas prácticas: redaccións, comentarios de texto, traballos monográficos ou elaboración de textos de diferente tipoloxía.

Avaliarase coa axuda do caderno de observación do profesorado.

-10%: Exposición oral sobre un tema ou sobre a lectura dun libro que previamente acorda o alumnado coa profesora.

-10%: Libro lectura.

Propónse unha lectura por trimestre e a súa avaliación será mediante traballos ou probas que se puntúa cunha rúbrica. Os seguintes libros son os propostos para este curso académico mais, no caso de que o alumnado xa lese o libro, propoñerase outro acorde ao curso e á idade.

Para 3º ESO:

- **1º trimestre:** *Os nenos da variola*, María Solar, ed. Galaxia
- **2º trimestre:** *O que sei do silencio*, Andrea Maceiras, ed. Xerais
- **3º trimestre:** *Verdade*, Care Santos, ed. Rodeira

Para 4º ESO:

1ª avaliación: *Senlleiras*, Antía Yáñez

2ª avaliación: *Beleza vermella*, Arantza Portabales

3ª avaliación: Escollerase un libro relacionado co contexto local temporal curricular.

En canto á **cualificación**, o cálculo será matemático de cara a nota final de cada avaliación. O aprobado está no 5 e o redondeo realizarase a partir do 0,8, de tal xeito que menos desta cifra redondea á baixa e as décimas por riba del poden redondear cara un punto máis. Farase o redondeo se o resultado é superior a un 5.

Para o redondeo á alza ou á baixa é determinante a actitude na aula e a responsabilidade nos hábitos de estudo e na entrega das tarefas diarias.

As recuperacións de cada trimestre faranse á volta dos períodos vacacionais: exame con data única e que incluírá cuestións teóricas e prácticas que se impartiron na avaliación suspensa. Haberá unha recuperación final para o alumnado con avaliacións suspensas e non entrarán os libros de lectura.

En canto á **recuperación extraordinaria**, o alumnado que suspenda a recuperación final terá unha proba extraordinaria a mediados de xuño na que entrará toda a materia do curso e na que non entrarán os libros de lectura. Para aprobar a materia, a nota ten que ser superior ou igual a 5.

1º BACHARELATO

-En cada avaliación realizaranse 2 probas escritas que terán un valor dun **80% da nota**

-Ademais, realizarán unha proba escrita ou un traballo sobre unha libro de lectura, que poderá mellorar a nota da media da avaliación ata 1 punto (**10% da nota**).

Terán a posibilidade de realizar lecturas voluntarias. Estas probas (tanto das lecturas obrigatorias como das voluntarias) deberán avaliar a comprensión lectora, a capacidade de análise e reflexión sobre as lecturas e a corrección e adecuación da lingua empregada (ler, comprender e saber explicar). As lecturas son:

-**1º trimestre:** *Arte de Trobar*, de Santiago Lopo

-**2º trimestre:** *Lourenço, xograr*, de Manuel Portas

-**3º trimestre:** *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo

-Teranse en conta tamén outros traballos subidos á aula virtual así como o traballo diario na aula e na casa nunha porcentaxe do **10% da nota**.

A **nota final** será a media aritmética das tres avaliacións e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos. Se a proba está aprobada, o redondeo realizarase partir do 0,8. Por exemplo, un/unha estudante que consiga un 5,8 levará un 6. Mais se ten un 5,7 levará un 5.

As recuperacións de cada trimestre faranse á volta dos períodos vacacionais: exame con data única e que incluírá cuestións teóricas e prácticas que se impartiron na avaliación suspensa. Haberá unha recuperación final para o alumnado con avaliacións suspensas e non entrarán os libros de lectura.

En canto á **recuperación extraordinaria**, o alumnado que suspenda a recuperación final terá unha proba extraordinaria a mediados de xuño na que entrará toda a materia do curso e na que non entrarán os libros de lectura. Para aprobar a materia, a nota ten que ser superior ou igual a 5.

Tipo de exame: Os exames serán de tipo teórico-práctico. Nos exames haberá preguntas prácticas para demostrar o coñecemento dos contidos que correspondan e, asemade, haberá preguntas tipo tema (pertencentes ao apartado "Teoría").

Aplicaranse nos exames os mesmos **Crterios de corrección** (desconto por faltas) da proba ABAU, polo que sobre a puntuación global do exame, poderase descontar ata un máximo de 2 puntos.

Establecerase, no inicio de cada curso, unha listaxe de lecturas voluntarias que poderán incrementar a nota final de cada avaliación nun punto, por libro voluntariamente lido e positivamente avaliado (este incremento de puntuación en ningún caso poderá dar lugar a unha nota global superior a 10 puntos). **Esta nota só se terá en conta a partir do aprobado (é dicir, a partir de 5).**

O control de avaliación das lecturas voluntarias deberá realizarse dentro dos prazos previamente establecidos polo profesorado; de non ser así o alumnado perderá o dereito a ser avaliado desa lectura.

2º BACHARELATO

-90%: Proba teórica

En cada avaliación realizaranse 1 proba escrita sobre os contidos desenvolvidos durante a avaliación. Contarán sempre con parte teórica e parte práctica e con contidos lingüísticos e literarios seguindo o modelo das probas ABAU.

O resultado final da proba pode verse diminuído ata 2 puntos por faltas de ortografía seguindo os criterios de corrección da proba ABAU. Distinguirase entre erros:

- moi graves** (de morfoloxía, sintaxe e léxico), polos que se descontará 0,2 puntos
- graves** (solucións ortográficas alleas á norma lingüística (b/v, h, y) e acentuación diacrítica) polos que se descontará 0,1 puntos
- **leves** (solucións galegas alleas ao estándar vixentes, acentuación non diacrítica), polos que se descontará 0,05 puntos.

-10%: Traballos prácticos de aula (elaboración de comentarios e textos de diferente tipoloxía como o argumentativo, o literario, o xornalístico...).

Avaliarase coa axuda do caderno de observación do profesorado e seguindo unha rúbrica para este tipo de textos orais e escritos.

En canto á **cualificación**, o cálculo será matemático de cara a nota final de cada avaliación. O aprobado está no 5 e o redondeo realizarase a partir do 0,8, de tal xeito que menos desta cifra redondea á baixa e as décimas por riba del poden redondear cara un punto máis. Farase o redondeo se o resultado é superior a un 5.

Para o redondeo á alza ou á baixa é determinante a actitude na aula e a responsabilidade nos hábitos de estudo e na entrega das tarefas diarias.

A incorrecta presentación dos textos, exames incluídos, suporá a negativa á súa corrección por parte do docente e, en consecuencia, serán considerados como “non presentados” e avaliados negativamente.

As **recuperacións de cada trimestre** faranse á volta dos períodos vacacionais: exame con data única e que incluírá cuestións teóricas e prácticas que se impartiron na avaliación suspensa. Haberá unha recuperación final para o alumnado con avaliacións suspensas.

En canto á **recuperación extraordinaria**, o alumnado que suspenda a recuperación final terá unha proba extraordinaria a mediados de xuño na que entrará toda a materia do curso. Para aprobar a materia a nota ten que ser superior ou igual a 5.

Para todos os cursos de ESO e BACHARELATO:

A non asistencia a calquera das probas previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polos pais ou tutores; en caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos.

No caso de sorprenden un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie na realización de calquera proba, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos.

Difusión dos criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os ou as docentes comunicaranlle ao alumnado os criterios de avaliación, cualificación e promoción; así, expoñeranse publicamente na aula durante todo o curso. Tamén serán publicados na páx. Web do centro e na Aula Virtual para a consulta do alumnado no curso correspondente.

Promoción do alumnado

A promoción do alumnado tanto de Educación Secundaria como de Bacharelato dependerá dos criterios de promoción LOMCE así como das decisións democráticas tomada pola xunta de avaliación.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Ao remate de cada unidade, o profesor/a autoavaliará o proceso de ensino e mais a súa práctica docente centrándose na resposta a unhas preguntas chave que o/a obrigarán a reflexionar e a detectar problemas ou eivas relacionados co seu labor.

As preguntas básicas deste minicuestionario serían as seguintes:

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

En **1º da ESO** non hai alumnos que necesiten recuperar a materia pendente, dado que comezan unha nova etapa sen materias pendentes.

A avaliación inicial daranos a medida das competencias deste alumnado e as medidas para adoptar ao respecto, tal e como abordamos no seguinte apartado.

Nos demais cursos, aqueles alumnos e alumnas que teñan a materia pendente dun curso anterior poderán superala por medio dun dos dous procedementos seguintes, que non son excluíntes:

1º) Mediante unha avaliación continuada que realizará o profesorado que imparta a materia no curso no que estea matriculado o alumno/a. Cada profesor ou profesora entregarlle ao alumnado (que teña a materia pendente) material de traballo tomando como base os obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles indicados na correspondente programación de cada nivel.

O alumnado realizará este traballo que será supervisado periodicamente polo profesorado e entregado a este nas datas límite que se establezan (aproximadamente nos meses de xaneiro e marzo/abril, respectivamente).

Se o alumno ou alumna entregou o material dentro do prazo de cada un dos dous bloques de actividades, correctamente realizadas a xuízo do profesor/a responsable, o alumno/a terá a materia aprobada.

A devandita cualificación seralle comunicada á xefatura de departamento para que conste na acta de avaliación correspondente. Aquel alumnado que supere a materia por esta vía non terá que presentarse á proba final que se explica no punto seguinte.

2º) En caso de non aprobar a materia pola anterior vía ou de renunciar a facer uso dela, o alumnado poderá realizar as correspondentes probas escritas establecidas nos meses de xaneiro, abril ou, no caso de non superar a materia en ningún dos casos anteriores, no mes de maio, cun exame final de toda a materia.

Para estes efectos, antes do 31 de abril, o profesorado comunicalle á xefatura de departamento as cualificacións correspondentes, coa finalidade de comprobar que alumnado deberá realizar a proba final de maio.

No que se refire aos contidos, criterios de avaliación, etc., de cada nivel, remitimos ao establecido e indicado na correspondente programación dos respectivos cursos.

En canto aos mínimos esixibles de 1º, 2º e 3º da ESO e 1º de BACH remitimos aos indicados na correspondente programación dos mencionados cursos.

O alumnado que non supere a materia pendente na convocatoria de maio deberá presentarse á proba extraordinaria. Para esta convocatoria non se establecerá ningún plan de traballo avaliable polo profesorado. Realizarase unicamente unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos e aos mínimos esixibles traballados durante o curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

11. ORGANIZACIÓN DE PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS

A avaliación inicial realizada a través de exercicios e unha proba ad hoc serviranos aos membros do Departamento para determinar os coñecementos previos do alumnado.

En función disto, na **avaliación inicial** con todo o profesorado implicado, que terá lugar o **día 29 de setembro**, adoptaranse as medidas necesarias (atención individualizada en agrupamentos, sobre todo, e ACIs) para acadar uns resultados satisfactorios con aqueles alumnos que máis o necesiten. Os resultados serán recollidos na acta do Departamento.

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS PARA ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Estará deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura. Ao mesmo tempo, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas cualidades, preferencias e afeccións para aproveitelas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan.

A avaliación inicial constará de varias partes que contemplarán a expresión oral, a fluidez e comprensión lectora, a expresión escrita e os aspectos referidos ao coñecemento da lingua que a profesora ou profesor

achen convenientes. Con este fin non se realizará unha única proba, senón que se desenvolverán unha serie de actividades durante as primeiras sesións do mes de setembro. No deseño destas probas, non poderá faltar unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo-clase e a lectura en voz alta dalgún texto que posteriormente servirá para traballar a comprensión e expresión escrita e outros aspectos.

Esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo. Tamén servirá para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade (aprupamentos...) que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

Para realizar a avaliación inicial poderanse empregar os seguintes procedementos e instrumentos:

➤ Probas escritas nas que se obteña información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Estas probas deberán incluír os seguintes criterios de avaliación:

-Apreciación da capacidade de comprensión lectora (destacar, subliñándoas, as ideas fundamentais dun texto e resumilo).

-Valoración da capacidade de expresión escrita (redactar un texto acorde cunha determinada tipoloxía textual).

-Valoración do coñecemento da lingua (localizar nun texto distintas clases de palabras, xustificar a acentuación de determinadas palabras do texto, explicar o significado dalgúns palabras...).

-Valoración da capacidade para relacionar os coñecementos de lingua e sociedade con situacións da vida real (por exemplo, explicar se as linguas que se falan en Galicia se atopan en situación de igualdade).

-Valoración da comprensión e o interese polas expresións culturais (por exemplo, expoñer os sentimentos e emocións que transmite un poema, recoñecer recursos literarios etc.).

➤ Gráficos, esquemas ou mapas conceptuais que deberán elaborar ou interpretar.

➤ Probas de comprensión e expresión oral.

➤ Cuestionarios sobre diferentes actitudes e intereses.

➤ Análise dos informes finais individualizados do alumnado da etapa ou curso anterior.

➤ Información obtida a través da persoa titora e do profesorado que impartiu a materia no curso anterior e especialmente a comunicada polo Departamento de Orientación sobre alumnado con dificultades de aprendizaxe .

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

-Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...)
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.)
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

-Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.
- Saber as medidas organizativas que hai que adoptar. Planificación de reforzos, agrupamentos flexibles, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar (adaptacións curriculares...).
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor.

14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, o propio deseño do libro de texto explicita actividades en relación cos criterios de avaliación e os indicadores de logro referidos á igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como á prevención da violencia de xénero.

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, revistas e publicacións, etc.

Estas mesmas actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía, que servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral, ao mesmo tempo que contribúen a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Os textos traballados na aula de contido científico e tecnolóxico de actualidade contribúen así mesmo a esperta-lo interese do alumnado cara factores científicos que condicionan o devir da nosa sociedade.

Outro aspecto relevante é o manexo de ferramentas dixitais para a construción de coñecemento (procesador de textos, presentación de traballos con apoio de programas específicos: PowerPoint, Prezi...).

Por outra banda, a selección textual nos libros de referencia (Anaya e Baía) favorecen a conciencia e o respecto polas expresións culturais tradicionais (o magosto, o entroido na Galiza, os Maios, as cacharelas de San Xoán...).

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

A programación das actividades extraescolares e complementarias terá os seguintes **obxectivos**:

- Reforzar os contidos traballados na aula.
- Motivar o alumnado para a aprendizaxe da materia.
- Potenciar a relación da materia co contexto social.
- Habilitar espazos formativos e lúdicos de uso da lingua galega.
- Favorecer o uso oral da lingua galega entre a mocidade en contextos formais e informais.

- Fomentar actitudes positivas cara á lingua e a cultura galegas e estimular na mocidade actitudes favorables que se traduzan no aumento do uso da lingua galega.
- Valorar o patrimonio artístico e cultural galego.
- Achegarse dun xeito lúdico á historia e cultura galegas.
- Achegarse de forma activa á vida e obras dos nosos escritores e escritoras.
- Fomentar o gusto polo teatro.
- Poñer en contacto o alumnado con todo tipo de manifestacións culturais en galego (teatro, música, cine etc.) e con persoas que constitúan referentes de fidelidade lingüística e compromiso co idioma nos máis diversos ámbitos sociais: música actual, deporte, cinema, tecnoloxías etc.
- Familiarizar o alumnado con ámbitos culturais prestixiosos e modernos que se expresen en galego.
- Fomentar a lectura en galego a través da empatía proporcionada polo contacto directo e o intercambio de vivencias con escritores e escritoras.
- Crear espazos de opinión e de lecer relacionados coa lectura en galego e fomentar as relacións persoais a través dela.
- Facilitar a integración lingüística do alumnado non galegofalante.
- Implicar o Centro nas distintas propostas que no ámbito da dinamización da lingua e cultura galegas se desenvolvan desde órganos específicos de longo alcance (concello...).
- Afondar na visión da lingua galega como vehículo de comunicación dentro da lusofonía, mostrando que a lingua galega ten utilidade e que pode abrir portas profesionais, laborais, amizades etc.
- Potenciar a expresión creativa do alumnado, utilizando como vehículo de expresión a lingua galega.

Actividades

As actividades están contempladas maioritariamente dentro do horario escolar e a súa realización dependerá dos recursos dos que dispoña o departamento así como das axudas económicas que poida achegar o centro ou o concello. No departamento propónse realizar varias das seguintes actividades complementarias:

- Asistencia a charlas de autores/as galegos/as.
- Asistencia a charlas ou obradoiros relacionadas coa sociolingüística.
- Participación en recitais poéticos.
- Actividades culturais da Semana das Letras Galegas.
- Asistencia a representacións teatrais, case sempre na Casa da Cultura que pon o Concello á nosa disposición.
- Asistencia a proxeccións cinematográficas en galego.
- Excursión ó Museo Provincial de Lugo de 1º de ESO, tendo en conta que esta saída vense realizando dende varios cursos atrás.
- Saída para coñecer a ruta dos dolmens do concello de Vimianzo, en colaboración co Departamento de Historia.

-Paseo pola ruta das alvarizas (descubertas este mesmo ano) situadas moi próximas ao centro educativo. Realizarase en colaboración co Departamento de Bioloxía.

-Coordinación e participación, en colaboración coa biblioteca, nun ou varios clubs de lectura.

En canto ás actividades extraescolares, dependendo da situación do contexto COVID, este departamento propoñerá diferentes actividades que se poidan levar a cabo.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Resulta obvio que cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballe cada curso. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principios do ano académico, a avaliación inicial ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos, co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do desenvolvemento da programación. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial aos aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa PD. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

17. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Consideramos fundamental ter en conta a idea de transversalidade como forma de relacionar os contidos da materia cos doutras, considerando os valores e as actitudes implícitos nestes contidos.

O propósito é contribuír a que a educación dos estudantes se leve a cabo cunha maior unidade de criterio entre as distintas materias, o que pode lograrse prestando atención, na organización do proxecto curricular, a aqueles contidos que posúen carácter interdisciplinar.

O enfoque xeral da educación en valores debe estar implicado no proxecto de todo o centro e interrelacionado co resto dos membros da comunidade educativa (nais e pais, institucións...) tendo como finalidade os catro eixes básicos da educación: Aprender a coñecer, Aprender a facer, Aprender a vivir cos demais e Aprender a ser.

O talante co que se ha de enfocar o desenvolvemento dos valores debe ser integrador, é dicir, non deben ser entendidos como “engadidos” ao currículo nin como “materias illadas” que supoñan a elaboración de novos

contidos; moi ao contrario, deben servir como vía para adoptar perspectivas múltiples que abran camiño e permitan dirixir e “enfocar” as competencias de modo máis completo e eficaz.

18. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

O obxectivo do proxecto lector é cumprir a lexislación vixente que establece de maneira obrigatoria que todos os departamentos deseñen medidas para o fomento da lectura. Ademais, debe pretender formar lectores competentes.

Nesta liña, o noso departamento contribuirá coas seguintes accións:

- Establecemento de libros de lectura obrigatoria para o seu posterior comentario e debate en todos os niveis e avaliacións.
- Establecemento de libros de lectura voluntaria para que o alumnado poida desenvolver os seus gustos lectores cun criterio propio, elixindo con liberdade as lecturas que lles resulten máis atraentes.
- Sempre se procura que acudan a unha charla dun escritor ou escritora. Tamén contemplamos a opción de realizar **charlas virtuais**, como nos ofreceu algunha editorial.
- Todos os anos o alumnado asiste a algunha representación teatral.
- Dende o equipo da Biblioteca e dende o Departamento anímase ao alumnado a formar parte dun Club de Lectura.
- Como outras contribucións ao Plan Lector de Centro, en 1º de ESO está a hora de lectura semanal na aula na que se len e comentan textos de literatura infantil e xuvenil galega.

19. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

En relación co plan de integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o profesorado do Departamento de Lingua Galega e Literatura integrará nos materiais didácticos e curriculares, así como na metodoloxía, distintas propostas de uso, busca e elaboración de información coas novas tecnoloxías, pois, no mundo actual, a información atópase, en gran parte, en soporte informático.

Algunhas das actividades que na nosa área realizará o alumnado serán:

- Busca de información en internet para tratar de desenvolver no alumnado a capacidade de poder realizar investigacións bibliográficas e de busca de información que estea en soporte informático e sensibilizalo no uso de internet como unha poderosa ferramenta de busca de información.
- Realización de traballos temáticos co obxectivo de dotar os alumnos/as dos coñecementos necesarios para que utilicen as TIC na realización de traballos ou presentacións sobre un tema concreto, podendo incorporar imaxes, gráficos etc.

- Emprego de correctores ortográficos.
- Emprego de xornais dixitais.
- Actividades con páxinas de poemas musicados e outros contidos literarios.
- Uso da Aula Virtual, aplicacións de Google Drive para compartir arquivos, programa de escáner e conversor a PDF para dixitalizar as súas tarefas.

20. PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

→ OBRADOIRO DE TEATRO (1º ESO)

Programación da Materia de Libre Configuración *Obradoiro de Teatro* (1º da ESO) para o CURSO 2021-2022
(Adscrita ao Departamento de Lingua Galega e Literatura) NOTA PREVIA:

Todo o contido da presente programación debe entenderse adecuado ao contexto no que se vai desenvolver, coa adopción das medidas de seguridade e prevención de contaxios recomendadas pola autoridade sanitaria e impostas pola lóxica e o sentido común.

Polo tanto, mantéñense obxectivos, contidos e actividades relacionadas coa interpretación, expresión, xogo vocal, etc, pero sempre cos límites impostos polo uso de máscaras, a distancia, a menor mobilidade e a ausencia de contacto físico. Porén, estas medidas, que dificultan a posta en escena por limitaren enormemente a expresión facial e corporal, ou os desprazamentos, non deixan de ser tamén alicientes e estímulo para outorgar moita máis atención e protagonismo ao uso da voz como ferramenta fundamental para a interpretación, o cal esperamos que redunde na mellora da entoación, pronunciación e expresión oral en xeral.

Por outra parte, en previsión da posibilidade dun novo confinamento e tamén para suplir carencias impostas polas medidas sanitarias, iremos tentando introducir e combinar algunha técnica non usada ata agora, como a autogravación en audio e en vídeo e as montaxes de imaxes e sons de apoio, a axuda de proxeccións de imaxes como ambientación e decorados, etc. xunto co manexo das ferramentas dixitais de comunicación.

En xeral e en definitiva, o desenvolvemento da materia irase adaptando ás novas circunstancias, cos cambios puntuais que vaian sendo necesarios segundo evolucione a situación, tentando achegarnos pouco a pouco á maior normalidade posible.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave, concreción que recolle os estándares de aprendizaxe avaliábeis

O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo: a Conciencia e expresións culturais é a máis beneficiada, seguida das de Aprender a aprender e o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao poñer en xogo habilidades de planificación, innovación e xestión de proxectos a través do desenvolvemento da imaxinación e a creatividade.

Respecto á competencia en Comunicación Lingüística, desenvolve destrezas para a obtención de información a través da lectura de fontes diversas, e para a mellora dos distintos aspectos da expresión e comunicación oral.

A Competencia dixital desenvólvese a través da busca e selección de información sobre diversos aspectos do teatro, así como de textos teatrais, nos medios e as fontes adecuadas.

As Competencias sociais e cívicas desenvólvense no eixe teórico-conceptual da materia. A participación en actividades escénicas de representación e creación en grupo promove tamén a adquisición de habilidades sociais.

Así mesmo, a competencia Aprender a aprender, cos seus compoñentes de motivación intrínseca, organización, xestión, planificación estratéxica e aprendizaxe en grupo adquirese a través dos eixes práctico-interpretativo e creativo-artístico da materia.

OBXECTIVOS (nota 1)	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Bloque 1: Introducción b l e	1.1.O teatro como unha das artes escénicas principais.	1.1. Expor de forma crítica a opinión persoal respecto do teatro e a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións.	1.1. Coñece e explica a función teatro e outras artes escénicas situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación
n ñ	1.2. Elementos básicos da ficción escénica.	1.2. Realizar unha reflexión sobre os espectáculos teatrais e de outras artes escénicas coñecidas (danza, circo, etc)	1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas en xeral, e o teatro especial, como un medio de intervención e transformación realidade e da conciencia social. 1.3. Analiza e comenta os espectáculos de teatro aos que asistiu, en relación cos contidos estudados.
n l g e	1.3. O teatro en Europa, España e Galicia.	1.3. Apreciar a importancia do patrimonio europeo, español e galego en teatro, e comprender o valor de conservar e transmitir o seu legado.	1.4. Valora o legado do patrimonio cultural e artístico, comprendendo importancia da súa preservación transmisión.
Bloque 2. O teatro dentro do conxunto das artes escénicas b l n ñ	2.1. Espectáculos escénicos: teatro, mimo, danza, circo, canción, cine 2.2. Importancia da música, os efectos de luz e son, e os	2.1. Explicar as características das artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade. 2.2. Identificar e recoñecer os	2.1. Recoñece e describe as escénicas e as súas manifestación 2.2. Recoñece e diferencia as escénicas no seu conxunto e

	<p>elementos non textuais da posta en escena: decorados, vestuario, maquillaxe e atrezzo</p> <p>2.3. O personaxe: Corpo-movemento. Aliñamento e coordinación corporal.</p>	<p>diferentes elementos da escenificación</p> <p>2.2. Preparar e interpretar individualmente e/ou en grupo imitación de personaxes e situacións mediante mímica, coreografías e outras formas de expresión corporal.</p>	<p>seus elementos, en función das súas características específicas</p> <p>2.3. Interpreta e memoriza un repertorio variado de personaxes, situacións e coreografías individualmente e en grupo.</p>
a			
b	<p>2.4. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.</p> <p>2.5. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.</p> <p>2.6. Musicalidade e precisión rítmica.</p> <p>2.7. Calidades e dinámicas do movemento.</p> <p>2.8. Estructuras e composicións coreográficas</p>	<p>2.2. Preparar e interpretar individualmente e/ou en grupo imitación de personaxes e situacións mediante mímica, coreografías e outras formas de expresión corporal.</p>	<p>2.4. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula.</p>
m			
f	<p>2.9. O espazo: a posta en escea en grupo</p> <p>2.10. A acción: improvisación e interpretación teatral individual e en grupo</p> <p>2.12. Exploración de formas de expresión oral, xestual e de movemento propias a través da improvisación libre.</p> <p>2.13. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.</p> <p>2.14. Técnicas de interpretación e improvisación.</p>	<p>2.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, valorar a importancia da improvisación en artes escénicas.</p>	<p>2.5. Utiliza con rigor os elementos as calidades do movemento na improvisación da esúa posta en escena.</p> <p>2.6. Elabora, consensúa e presenta con rigor e precisión</p>
m			
n			
d			
e	<p>2.15. O texto dramático: o son e a voz</p> <p>2.16. Análise do texto dramático, creación. Teoría dramática. Medios expresivos.</p> <p>2.16. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio</p>	<p>2.4. Interpretar nun espazo escénico unha peza teatral onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas</p>	<p>2.7. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha</p>
l			
n			

n
b
f

e articulación.

2.17. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.

2.18. Deseño e montaxe dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo

2.19. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.
2.20. Os oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo

2.5. Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos.

partitura escénica.

2.8. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o auto-coñecemento, creatividade, a emoción e a conciencia corporal

2.9. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr resultado acorde coas súas propias posibilidades.

2.10. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento improvisación teatral.

2.11. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, conflito, o personaxe e a acción.

2.12. Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática teatral

2.13. Participa nas actividades

Criterios de cualificación

A avaliación realizarase de forma continua ao longo do curso mediante:

- ⌚ Observación sistemática durante a actividade individual ou en grupo, a través das súas intervencións, exposicións, traballos, preguntas, etc. coa que se avaliarán sobre todo os contidos actitudinais.
- ⌚ En momentos puntuais, pequenas probas escritas para verificar algún contido teórico específico.
- ⌚ Revisión de traballos e tarefas de investigación e de creación, que desenvolven a creatividade, a capacidade crítica, de análise e síntese, así como de organización.
- ⌚ Valoración das actividades prácticas, individuais e colectivas: ensaio teatral, audición, improvisación, etc. Para superar a materia, o alumnado debe acadar unha valoración positiva en cada un dos aspectos anteriores.

Sen prexuízo do anterior, en xeral as porcentaxes nos criterios de cualificación serán os seguintes:

- Participación e actitude na clase: 80%.**
- Adquisición de coñecementos e habilidades: 20%**

Temporalización

Non é a primeira vez que se imparte esta materia no centro, xa que comezamos hai 2 anos. Debido ao confinamento non se puido seguir a programación inicial a partir da metade do curso, e foron necesarios importantes cambios impostos pola actividade non presencial. Con todo, o ano anterior si se puido realizar o ano completo para este nivel e materia, polo que xa podemos prever canto pode durar o proceso de adquisición de cada obxectivo.

Este ano volveremos a revisar e axustar a temporalización segundo vaia avanzando o curso.

Ademais, o número e distribución de sesións dedicadas a cada apartado pode variar, aínda que non substancialmente, en función de actividades non previstas neste momento, como actividades programadas por outros departamentos, visionado de gravacións que intenten suplir a asistencia a representacións teatrais ou outros espectáculos ofrecidos polo Concello ou polo propio centro, ou circunstancias imprevistas de calquera tipo.

E o máis importante: a adaptación da actividade propia dunha materia coma esta ás restricións obrigadas polas medidas de seguridade e prevención de contaxios fai que resulte tamén especialmente difícil prever, tanto a temporalización como a programación no seu conxunto, se van poder respectar de xeito fiel.

Tendo en conta isto, inicialmente distribuimos as UNIDADES DIDÁCTICAS diferentes unidades didácticas do seguinte xeito:

AVALIACIÓN

1ª

Introdución ás principais manifestacións escénicas

Deshinbición e espontaneidade a través do xogo dramático. Dinámicas de movemento creativo
Hixiene postural e vocal. Relaxación
Práctica de técnicas interpretativas

2ª

Estratexias creativas grupais. Improvisación

Práctica de técnicas interpretativas
Composicións coreográficas. Creación e interpretación

3ª

Lectura e creación de textos teatrais
Iniciación á creación de elementos de apoio á interpretación: gravación e proxección fondos para suplir decorados e atrezzo
Ensaio e posta en escena dunha peza teatral ou de varios monólogos ou sketches.

→ INICIACIÓN ÁS ARTES ESCÉNICAS 2º ESO

NOTA PREVIA:

Todo o contido da presente programación debe entenderse adecuado ao contexto no que se vai desenvolver, coa adopción das medidas de seguridade e prevención de contaxios recomendadas pola autoridade sanitaria e impostas pola lóxica e o sentido común.

Por exemplo, cando se fala de interpretación dunha obra ou dunha coreografía hai que entender, lóxicamente, que se fará gardando as distancias e o resto das medidas, tal como se fai nunha clase de Educación Física ou en calquera outra que esixa movemento ou desprazamentos. E tamén hai que entender que as obras e contidos a ler, coñecer e interpretar serán seleccionados en función da situación na que nos atopamos.

Polo tanto, mantéñense obxectivos, contidos e actividades relacionadas coa interpretación, expresión, xogo vocal, etc, pero sempre cos límites impostos polo uso de máscaras, a distancia, a menor mobilidade e a ausencia de contacto físico. Porén, estas medidas, que dificultan a posta en escena por limitaren enormemente a expresión facial e corporal, ou os desprazamentos, non deixan de ser tamén alicientes e estímulo para outorgar moita máis atención e protagonismo ao uso da voz como ferramenta fundamental para a interpretación, o cal esperamos que redunde na mellora da entoación, pronunciación e expresión oral en xeral.

En xeral e en definitiva, o desenvolvemento da materia irase adaptando ás novas circunstancias, cos cambios puntuais que vaian sendo necesarios segundo evolucione a situación, tentando achegarnos pouco a pouco á maior normalidade posible.

Introdución e contextualización

A materia de *Iniciación ás Artes Escénicas* (2º ESO) quere dotar o alumnado de coñecementos, técnicas e procedementos que lle permitan expresarse e crear artisticamente a través das linguaxes das artes escénicas. Para tal fin, os alumnos e as alumnas deben comprender e interpretar diferentes linguaxes escénicas, así como o devir da historia do teatro e das artes escénicas ao longo dos séculos; saber mirar estas artes escénicas, comprender a súa importancia e verificar os cambios xurdidos no seu desenvolvemento; constatar e valorar a creación artística cando se pon ao servizo dunha arte específica e xerar argumentos nos que se fundamente tanto o camiño percorrido polas artes escénicas como o seu espazo de apoio para unha formación integral: física, estética e cultural.

Doutra banda, é indispensable que o alumnado tome conciencia dos seus recursos expresivos e os desenvolva na práctica, mediante a exploración dos compoñentes do movemento (corpo, espazo, tempo, enerxía e interrelación); o desenvolvemento da súa capacidade de concentración, relaxación e autoconciencia corporal; a procura de niveis óptimos de equilibrio psicofísico; a aplicación do imaxinario na modelaxe da súa conduta; a estimulación das súas habilidades comunicativas; a vivencia e a recreación de situacións dramáticas diversas; a

exploración dos seus recursos no terreo da oralidade; e o desenvolvemento da sensibilidade rítmica e melódica a nivel corporal e vocal.

É de importancia para a formación do alumnado o coñecemento dos grandes cambios xurdidos nas artes escénicas. Os alumnos e as alumnas deberán ser conscientes de como as ideas subxacentes baixo as formas visibles (coreografías; danzas populares, preclásicas, clásicas e contemporáneas; decorados; bosquejos; figurinos; edificios teatrais e espazos para a representación; textos dramáticos; postas en escena, etc.) configuraron múltiples xeitos de construír e realizar as artes escénicas.

Tamén deberán entender, xa que logo, cada sociedade e cada época; comprender e saber que o interese da materia reside tanto en experimentar o potencial expresivo e creativo persoal como en entender o modo en que diferentes aspectos da creación foron modificados por circunstancias históricas, culturais, rituais, ambientais, técnicas, estilísticas ou simbólicas que cada pobo vai incorporando como expresión da súa forma de sentir e de pensar.

Esta materia permite ir descubrindo cos alumnos e coas alumnas, a través da súa propia experiencia, o desenvolvemento das súas capacidades artísticas creativas e interpretativas, estudando, así, os aspectos teóricos e prácticos das mesmas. O cúmulo de referentes e a bagaxe formativa deben, finalmente, capacitar o alumnado para poder afrontar o seu traballo con maior resolución, podendo facer propostas máis brillantes e admitir diferentes interpretacións, ao mellorar as súas potencialidades e ao incrementar a súa percepción, observación, memorización e concentración, fomentando, así, a mellora da propia imaxe e a configuración da súa personalidade. Trátase, en esencia, de contribuír á formación integral do alumnado e ao enriquecemento do seu acervo cultural, ensinándolle a apreciar tanto a beleza das obras, dos espectáculos e das montaxes que ilustraron culturas pasadas como as que sustentan o noso século: o conxunto dun legado que, á súa vez, deberán transmitir.

A materia estrutúrase en dous Bloques de Contido: o 1º recibe o nome de “Común” e permite achegarse aos contidos xerais da materia; o 2º recibe o nome de “Artes escénicas”, respectivamente, e permite achegarse aos contidos específicos da materia..

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave, concreción que recolle os estándares de aprendizaxe avaliados

OBXECTIVOS (nota 1)**Bloque 1: Común**b
l
e
n
ñ**CONTIDOS**

1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.
1.2. Elementos básicos da ficción escénica.

CRITERIOS DE AVALIACION

1.1. Expor de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc.) e a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións.
1.2. Realizar unha reflexión sobre os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1.1. Coñece e explica a función danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.).
1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e conciencia social.
1.3. Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro outras artes escénicas aos que asistiu, en relación cos contidos estudados.
1.4. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo importancia da súa preservación transmisión.

n
l
g
e

1.3. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.

1.3. Apreciar a importancia do patrimonio español e galego en artes escénicas, e comprender o valor de conservar e transmitir o seu legado.

Bloque 2. Artes escénicasb
l
n
ñ

2.1. Espectáculos escénicos: circo, espectáculos musicais e performance.
2.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.
2.3. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.

2.1. Explicar as características das artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade.

2.1. Recoñece e describe as escénicas e as súas manifestación escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares.

a
b
m

2.4. Aliñamento e coordinación corporal.
2.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.

2.2. Interpretar en grupo coreografías, memorizadas e ensaiadas ao longo do curso.

2.3. Interpreta e memoriza un repertorio variado de coreografías en grupo.
2.4. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na

f m n d	<p>2.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.</p> <p>2.7. Musicalidade e precisión rítmica.</p> <p>2.8. Calidades e dinámicas do movemento.</p> <p>2.9. Estructuras coreográficas</p> <p>2.10. Aliñamento e coordinación corporal.</p> <p>2.11. Musicalidade e precisión rítmica.</p> <p>2.12. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.</p> <p>2.13. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.</p>	<p>2.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, e valorar a importancia da improvisación en artes escénicas.</p>	<p>aula.</p> <p>2.5. Utiliza con rigor os elementos as calidades do movemento na improvisación da súa coreografía</p>
e l n	<p>2.14. Composición coreográfica.</p> <p>2.15. Técnicas de interpretación e improvisación.</p> <p>2.16. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.</p> <p>2.17. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.</p> <p>2.18. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo</p>	<p>2.4. Interpretar nun espazo escénico unha peza teatral onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas</p>	<p>2.7. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica.</p> <p>2.8. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o auto-coñecemento, creatividade, a emoción e a conciencia corporal</p> <p>2.9. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p>
n b f	<p>2.19. Estructura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.</p> <p>2.20. Os oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación,</p>	<p>2.5. Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos.</p>	<p>2.10. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento improvisación teatral.</p> <p>2.11. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, conflito, o personaxe e a acción.</p> <p>2.12. Utiliza a improvisación como</p>

indumentaria,
caracterización, espacio
sonoro e atrezzo

técnica de creación dramática teatral
2.13. Participa nas actividades grupo.

Criterios de cualificación

A avaliación realizarase de forma continua ao longo do curso mediante:

- Observación sistemática durante a actividade individual ou en grupo, a través das súas intervencións, exposicións, traballos, preguntas, etc. coa que se avaliarán sobre todo os contidos actitudinais.
- En momentos puntuais, pequenas probas escritas para verificar algún contido teórico específico.
- Revisión de traballos e tarefas de investigación e de creación, tanto individuais como en pequeno grupo, que desenvolven a creatividade, a capacidade crítica, de análise e síntese, así como de organización.
- Valoración das actividades prácticas, individuais e colectivas: ensaio teatral, audición, improvisación, etc.

Para superar a materia, o alumnado debe acadar unha valoración positiva en cada un dos aspectos anteriores.

Temporalización

Dadas as circunstancias especiais deste curso, resulta máis difícil do habitual prever canto pode durar o proceso de adquisición de cada obxectivo. Por un ou outro motivo, sempre é necesario ir revisando e axustando algún aspecto da temporalización segundo vai avanzando o curso, pero este ano é probable que o sexa máis que nunca.

Ademais do dito, o número e distribución de sesións dedicadas a cada apartado pode variar, aínda que non substancialmente, en función de actividades non previstas neste momento, como actividades programadas por outros departamentos, visionado de gravacións que intenten suplir a asistencia a representacións teatrais ou outros espectáculos que habitualmente ofertaba algunha institución como o Concello ou o propio Centro, ou por circunstancias imprevistas de calquera tipo.

E o máis importante: a adaptación da actividade propia dunha materia coma esta ás restricións obrigadas polas medidas de seguridade e prevención de contaxios fai que resulte tamén especialmente difícil prever se, tanto a temporalización como a programación no seu conxunto, se van poder respectar de xeito fiel.

AVALIACIÓN

1ª

Desinhibición e espontaneidade a través do xogo dramático. Dinámicas de movemento creativo
Hixiene postural e vocal. Relaxación
Práctica de técnicas interpretativas

2ª

Práctica de técnicas interpretativas
Composicións coreográficas. Creación e interpretación

3ª

Creación de elementos de apoio á interpretación: imaxes de decorados e atrezzo
Ensaio e posta en escena dunha peza teatral completa

UNIDADES DIDÁCTICAS

Introdución ás principais manifestacións escénicas

Estratexias creativas grupais. Improvisación

Lectura e creación de textos teatrais

21. PROGRAMACIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 2021-2022

Introdución e contextualización

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente.

Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido.

A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente.

Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha

lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar.

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 3º DA ESO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-a -c -d -i	<p>-B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de 	<p>-B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p> <p>-B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal,</p>	<p>-SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándose ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p>

	<p>hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.)</p> <p>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</p> <p>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>-B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>-B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>-B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>-B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden</p>	<p>SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>-SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p> <p>SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre</p>	<p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p>
--	---	--	--	---

		<p>escoitar máis dunha vez.</p> <p>-B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p> <p>-B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.),</p>	<p>asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>-SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>-SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes</p>	<p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p>
--	--	--	---	--

		<p>adequado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>-B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descrições predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CSIEE</p> <p>-CCEC</p>
--	--	--	--	--

BLOQUE 2: PRODUCCION DE TEXTOS ORAIS

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a	-B2.1. Estratexias de produción:	-B2.1. Pronunciar de maneira intelixible,	-SLEB2.1. Fai presentacións breves e	CCL

<p>c</p> <p>d</p> <p>i</p>	<p>– Planificación:</p> <p>– Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>– Execución:</p> <p>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>– Expresión da mensaxe con</p>	<p>aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>-B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p> <p>-B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e</p>	<p>ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p> <p>-SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>-SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e</p>	<p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CSIEE</p> <p>-CD</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CSIEE</p>
----------------------------	--	--	--	---

	<p>claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, e paralingüísticos.</p> <p>– Lingüísticos:</p> <p>– Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>– Definición ou reformulación dun termo ou expresión.</p> <p>– Uso da lingua materna ou</p>	<p>facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>-B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <p>-B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora</p>	<p>ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>-SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CSIEE</p>
--	--	--	--	---

	<p>"estranxeirización" de palabras da lingua meta.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Petición de axuda. – Paralingüísticos: – Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. – Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. <p>-B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>-B2.3. Rutinas ou modelos elementais</p>	<p>ou que se lle repita o dito.</p>		<p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p>
--	---	-------------------------------------	--	--

	de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresións da dor, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas.			
--	---	--	--	--

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-a -c -d -i	<p>-B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa</p>	<p>-B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p> <p>-SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de</p>	<p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p>

	<p>(sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>-B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>-B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p> <p>-B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en</p>	<p>actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).</p> <p>-SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>-SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p> <p>-SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha</p>	<p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p>
--	---	---	--	---

		textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	-CCL -CAA -CSC -CCEC -CD
--	--	--	--	--------------------------------------

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-a -c -d -i	-B4.1. Estratexias de produción: – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou	-B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. -B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se	-SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans). SLEB4.2. Completa un	-CCL -CAA -CSC -CCEC -CD

	<p>dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. – Execución: – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o 	<p>solicite información persoal.</p> <p>-B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>-B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses</p> <p>ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>-SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p>
--	--	--	--	---

	<p>que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.).</p> <p>– Revisión:</p> <p>– Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>– Reescritura definitiva.</p>			<p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p>
--	---	--	--	---

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d	-B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:	-B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico,	-SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas	-CCL -CAA -CSC

<p>i o</p>	<p>– Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>– Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>-B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>-B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía</p>	<p>recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>-B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>-B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p>	<p>(nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>-SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>-SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>-SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro,</p>	<p>-CCEC</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p>
----------------	---	---	---	--

	<p>propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde</p>	<p>-B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>-B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>-B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os</p>	<p>etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>-SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente</p>	<p>-CCEC</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p> <p>-CSC</p> <p>-CCEC</p> <p>-CD</p> <p>-CSIEE</p> <p>-CCL</p> <p>-CAA</p>
--	--	--	---	--

	<p>se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>-B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa</p>	<p>expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente</p>		<p>-CSC</p> <p>-CCEC</p>
--	---	--	--	--------------------------

	<p>plurilingüe.</p> <p>-B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>– Expresión da</p>			
--	--	--	--	--

	<p>vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>-B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións;</p> <p>saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas;</p>			
--	--	--	--	--

	<p>alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>-B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
--	---	--	--	--

Sobre Obxectivos: Vid. Art 10 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sobre Competencias clave : Vid. Art 3 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sobre B5.7: Vid. Contidos sintáctico-discursivos de Português para 4º de ESO: -Expresión de relacións lóxicas: adición (*e, nem, e também, e também não*); disxunción (*ou, ou...ou*); oposición/contraste (*mas, mesmo assim*); causa (*porque; por isso; como*); finalidade (*para + Inf.*); comparación (*mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...*); superlativo absoluto (*-íssimo, -lmo*); resultado (*assim, por isso*); condición (*se, sem*); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordens).

-Relacións temporais (*antes, agora, depois; em seguida, logo; enquanto*).

-Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; proforma: p. ex. *Eu também; certamente*).

-Exclamación (formas elípticas: *Que (+ Subst.) + Adj.*, p. ex. *Que dia lindo!; Que gentil!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Puxa, este PC está muito caro! Está bom!*).

-Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; nada, nenhum(a), ninguém*; proforma, p. ex., *eu também não, eu tampouco*).

-Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *Quem fez o quê? Para que é isso?*); interrogativas tags (p. ex., *Queres ir ao cinema, não queres?*); interrogativas eco e duplas).

-Expresión do tempo: pasado (pretérito imperfeito, perfeito simple e perfeito composto); presente (presente); futuro (presente do indicativo + Adv.; futuro simple; haver-de)...

-Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (estar a + Inf., presente, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo; futuro simple; continuar + Ger.); habitual (tempos simples (+ Adv.), p. ex. *No verão está calor*); incoativo (*começar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; prefixo re-*, p. ex. *Reler*); terminativo (pretérito perfeito simple simple e composto; acabar de + Inf.).

-Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.), intención (pensar + Inf.; querer de /ter de + Inf., pretérito imperfeito gostar de + Inf.), capacidade (é capaz de + Inf.; saber); posibilidade/ probabilidade (*poder; dever; ser possível / impossível + Inf.; talvez*); obrigación (imperativo; *ter que /de, dever*); prohibición (imperativo negativo); necesidade (ser preciso / necessário + Inf.).

-Expresión da existencia (p. ex., ser, estar, haver/ter); a entidade (substantivos contables/incontables/colectivos/ compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes); a calidade e o grao (*-íssimo, -lmo; muito raro; melhor*).

-Expresión da cantidade: (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p. ex. *Todo(a), maioria, ambos(as), nenhum(a)...*) ou relativa (p. ex. *Muito; tão; um pouco*); definida (multiplicativos e partitivos).

-Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, dirección, orixe e acomodación).

-Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *são quinze para as três; em 1999*), divisións (p. ex., *días, meses; século; estação*) e indicacións (p. ex., *atrás, cedo, tarde*) de tempo; duración (p. ex., *de/desde...a; durante*); anterioridade (*ainda; ontem*); posterioridade (*depois, logo, próxima segunda-feira*); secuencia (*primeiro, depois, finalmente*); simultaneidade (*ao mesmo tempo*); frecuencia (p. ex., *geralmente;usualmente*).

-Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *devagar, pior*).

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

1º. Temporalización

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en **cinco bloques** que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción).

Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas.

Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda.

Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

Tendo isto en conta, propónse a seguinte temporalización para a correcta adquisición dos estándares de aprendizaxe:

-1º trimestre: estándares 1 e 2 pertencentes ao Bloque 1 (Comprensión de textos orais), estándar 1 pertencente ao Bloque 2 (Produción de textos orais), estándares 1 e 2 pertencentes ao Bloque 3 (Comprensión de textos escritos), estándar 1 pertencente ao Bloque 4 (Produción de textos escritos) e estándares 1 e 2 pertencentes ao Bloque 5 (Coñecemento da lingua).

2º trimestre: estándares 3 e 4 pertencentes ao Bloque 1; estándares 2 e 3 pertencentes ao Bloque 2; estándares 3 e 4 pertencentes ao Bloque 3 ; estándares 2 e 3 pertencentes ao Bloque 4 e estándares 3 e 4 pertencentes ao Bloque 5.

3º trimestre: estándares 5 e 6 pertencentes ao Bloque 1; estándar 4 pertencente ao Bloque 2; estándar 5 pertencente ao Bloque 3; estándar 4 pertencente ao Bloque 4 e estándar 5 pertencente ao Bloque 5

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia

O alumnado terá que demostrar un coñecemento mínimo de cada un dos Estándares de aprendizaxe avaliáveis.

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación

Lectura na aula, exposicións orais, escritas ou audiovisuais, tanto individuais como en parellas, exames de gramática.

Concrecións metodolóxicas que require a materia. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Ao tratarse dunha materia cun pequeno grupo de alumnos, as sesións lectivas terán lugar nunha aula equipada de ordenador e pantalla, polo que se disporá preferentemente de materiais dixitais.

Como **Libro de texto** o alumnado utilizará o seguinte manual: -Ana Cristina Dias, *Entre nós 1. Método de portugués para hispano-falantes, Caderno de exercicios*, Lidel, 2011.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Para establecer a nota media da avaliación terase e conta a seguinte porcentaxe:

- Comprensión de textos orais e/ou escritos: 40%
- Expresión oral (fonética, morfoloxía, léxico...) e/ou
- Expresión escrita (ortografía, morfoloxía, léxico...): 40%
- Traballo diario de aula (comportamento...): 20%

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Ao final de cada trimestre realizarase unha sesión de avaliación co grupo de alumnos para testar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao non haber alumnado pendente coa materia de 2º da ESO non hai actividades previstas para a recuperación de alumnos coa materia pendente.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A avaliación inicial da materia realízase en paralelo coa materia común de Lingua galega e Literatura e toma como base as notas obtidas polo alumnado nas 2 primeiras semanas de clase.

E, en base a estes resultados, determinarase se é preciso reforzar de maneira individual ou grupal os contidos traballados, así como establecer outras medidas de atención á diversidade que se estimen necesarias.

É previsible que no grupo de alumnado se atopen diversos niveis de coñecemento da lingua (en función de ter cursado ou non a materia con anterioridade) polo que se deseñarán actividades para equilibrar o nivel do grupo no 1º trimestre.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Os elementos transversais están presentes nomeadamente no **Bloque 5** da materia (B5.3, Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia, e -B5.4. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.), mais tamén no **Bloque 2** (-B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.) e deberán atenderse ao longo do curso, nomeadamente nas actividades de comprensión e expresión orais e escritas, a educación en valores ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Contidos mínimos para superar a materia ao finalizar o curso:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.
- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.

Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico / Accións de contribución ao Proxecto Lector de Centro (PLC)

A dinámica de traballo nesta materia consistirá en traballar a través de Proxectos Documentais integrados. Un ***Proxecto Documental Integrado*** consiste nun pequeno traballo de investigación no que o alumnado, ademais de indagar sobre un tema ou problema concreto, se familiariza cos mecanismos de busca de información e traballo intelectual, empregando para iso os recursos documentais e audiovisuais da biblioteca escolar.

Os proxectos responderán a temas de interese do alumnado ou de pertinencia educativa e desenvolverán contidos curriculares, contribuindo á adquisición de competencias básicas do alumnado.

Unha das actividades que se propón desde o Departamento é a visita cultural a Portugal no 2º ou 3º trimestre.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

O traballo desenvolvido no curso e, especialmente, as sesións de avaliación trimestral desenvolvidas co alumnado serán tomadas en conta para ir revisando a programación establecida, para avaliala ao final de curso e para, se cómpre, propoñer modificacións de cara ao vindeiro curso.

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 4º DA ESO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-a -c -d -i	<p>-B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, 	<p>-B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles re levantados do texto.</p> <p>-B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a</p>	<p>-SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>-SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>

	<p>entoación, etc.).</p> <p>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</p> <p>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>-B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>-B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>-B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.</p> <p>-B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<p>-SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>-SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa,</p>	<p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
--	--	--	---	--

		<p>-B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.</p>	<p>descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
--	--	--	--	--

BLOQUE 2: PRODUCCION DE TEXTOS ORAIS

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-a -c -d -i	<p>-B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>– Planificación:</p> <p>– Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da</p>	<p>-B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p>	<p>-SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>

	<p>interacción.</p> <p>– Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>– Execución:</p> <p>– Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>– Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>– Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás</p>	<p>-B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <p>-B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>-B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto</p>	<p>breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p>-SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>-SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
--	---	--	---	--

	<p>fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. – Lingüísticos: – Modificar palabras de significado parecido. – Definir ou parafrasear un termo ou expresión. – Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. 	<p>en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.</p> <p>-B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.</p>	<p>básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>-SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>
--	--	--	--	--

	<ul style="list-style-type: none"> – Pedir axuda. – Paralingüísticos: – Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. – Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). – Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah...) de valor comunicativo. <p>-B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>-B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>			<p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
--	--	--	--	----------------------------------

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-a -c -d -e -i	<p>-B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre</p>	<p>-B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>-B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.</p> <p>-B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu</p>	<p>SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.</p> <p>SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas</p> <p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/ a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>

	<p>significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>-B3.2. Soletreo e asociación de grafa, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>nivel escolar.</p> <p>-B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.</p>	<p>sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese</p> <p>SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).</p> <p>SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
--	---	--	---	--

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-a -c -d -i	<p>-B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>– Planificación:</p> <p>– Mobilización e coordinación das propias competencias</p>	<p>-B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador,</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información;</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>

	<p>xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>– Execución:</p> <p>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>– Estruturación do contido do texto.</p> <p>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal,</p>	<p>revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.</p> <p>-B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>-B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>-B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
--	--	---	---	--

	<p>ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>– Presentación coitada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)</p> <p>– Reescritura definitiva.</p>			
--	--	--	--	--

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-a -c -d -i -o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p>– Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>– Procesos fonolóxicos máis básico</p> <p>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p>	<p>-B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade,</p> <p>malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>-B5.2. Recoñecer e</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>

	<p>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida</p>	<p>utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.</p>	<p>culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.)</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
--	--	--	---	---

	<p>e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e 	<p>de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>		
--	---	---	--	--

	<p>mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>– Expresión do</p>			
--	---	--	--	--

	<p>interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e</p>			
--	---	--	--	--

	<p>tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
--	--	--	--	--

Sobre Obxectivos: Vid. Art 10 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sobre Competencias clave : Vid. Art 3 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sobre B5.7: Vid. **Contidos sintáctico-discursivos de Portugués para 4º de ESO:** -Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também*); disxunción (*ou, ou...ou*); oposición /concesión (*mas, mesmo assim;... embora*); causa (*por causa disso; daí que*); finalidade (*para + Inf.; para que*); comparación (*mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto*; superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); resultado (*assim, portanto*); condición (*se, sem*); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes).

- Relacións temporais (*enquanto, antes que, depois que, logo que, até que, sempre que*).
- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersonais).
- Exclamación (formas elípticas: *Que + Subst. + (tão) + Adj.*, p. ex. *Que dia tão lindo!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Ei, esta é a minha bicicleta!*; *Magnífica bolsa!*).
- Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca*; (*não*) *nada, nenhum (a), ninguém*), nem.
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?*); interrogativas *tag* (p. ex., *Isto é fácil, não é?*); interrogativas eco).
- Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais que-perfeito composto*); presente (*presente*); futuro (*futuro simple; (+Adv.); haver-de*).
- Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simples, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.; ir + Ger.*); habitual (tempos simples (+ Adv.); *costumar + Inf.*); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.*); terminativo (*pretérito perfeito simples composto e pretérito mais que-perfeito composto; vir de + Inf.*).
- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber*); possibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez*); *necessidade* (ser preciso / *necessário + Inf.*); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo*); *permiso* (*poder + Inf.; ser possível/ permitido + Inf.*); rohibición: (não) ser possível / permitido + Inf.); intención (*pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.*).
- Expresión da existencia (p. ex., *existir, dar-se*); a entidade (substantivos contables / incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade (*por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo*).
- Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *Bastante, a maior parte de, mais o menos*. Grao: p. ex. *Consideravelmente; bastante bem*).
- Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).
- Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meiodia*), divisións (p. ex., *período, fim de semana*) e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo*); duración (p. ex., *até; entre... e*); anterioridade (*anteontem, já*); posterioridade (*mais tarde, na semana que vem*); secuencia (*em primeiro lugar, depois, em último lugar*); simultaneidade (*naquele momento*); frecuencia (p. ex., *cada semana*).
- Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *á pressa*).

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

1º. Temporalización.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en **cinco bloques** que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción).

Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas.

Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda.

Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

Tendo isto en conta, propónse a seguinte temporalización para a correcta adquisición dos estándares de aprendizaxe:

-1º trimestre: estándares 1 e 2 pertencentes ao Bloque 1 (Comprensión de textos orais), estándar 1 pertencente ao Bloque 2 (Produción de textos orais), estándares 1 e 2 pertencentes ao Bloque 3 (Comprensión de textos escritos), estándar 1 pertencente ao Bloque 4 (Produción de textos escritos) e estándares 1 e 2 pertencentes ao Bloque 5 (Coñecemento da lingua).

2º trimestre: estándares 3 e 4 pertencentes ao Bloque 1; estándares 2 e 3 pertencentes ao Bloque 2; estándares 3 e 4 pertencentes ao Bloque 3 ; estándares 2 e 3 pertencentes ao Bloque 4 e estándares 3 e 4 pertencentes ao Bloque 5.

.3º trimestre: estándares 5 e 6 pertencentes ao Bloque 1; estándar 4 pertencente ao Bloque 2; estándar 5 pertencente ao Bloque 3; estándar 4 pertencente ao Bloque 4 e estándar 5 pertencente ao Bloque 5

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

O alumnado terá que demostrar un coñecemento mínimo de cada un dos Estándares de aprendizaxe avaliáveis.

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Lectura na aula, exposicións orais, escritas ou audiovisuais, tanto individuais como en parellas, exames de gramática.

Concrecións metodolóxicas que require a materia. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Ao tratarse dunha materia cun pequeno grupo de alumnos, as sesións lectivas terán lugar nunha aula equipada de ordenador e pantalla, polo que se disporá preferentemente de materiais dixitais.

Como **Libro de texto** o alumnado utilizará o seguinte manual: -Ana Cristina Dias, *Entre nós 2. Método de portugués para hispano-falantes, Caderno de exercicios*, Lidel, 2011.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Para establecer a nota media da avaliación terase e conta a seguinte porcentaxe: -Comprensión de textos orais e/ou escritos: 40% -Expresión oral (fonética, morfoloxía, léxico...) e/ou Expresión escrita (ortografía, morfoloxía, léxico...): 40% -Traballo diario de aula (comportamento...): 20%

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Ao final de cada trimestre realizarase unha sesión de avaliación co grupo de alumnos para testar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia pendente, a profesora elaborará un boletín de actividades para que vaia facendo e entregando ó longo do trimestre. Se non son realizadas satisfactoriamente e non se entregan en prazo, terá que presentarse aos exames parciais e final de pendentes nas datas correspondentes.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

A avaliación inicial da materia realízase en paralelo coa materia común de Lingua galega e Literatura e toma como base as notas obtidas polo alumnado nas 2 primeiras semanas de clase.

En base a estes resultados determinarase se é preciso reforzar de maneira individual ou grupal os contidos traballados, así como establecer outras medidas de atención á diversidade que se estimen necesarias.

É previsible que no grupo de alumnado se atopen diversos niveis de coñecemento da lingua (en función de ter cursado ou non a materia con anterioridade) polo que se deseñarán actividades para equilibrar o nivel do grupo no 1º trimestre.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Os elementos transversais están presentes nomeadamente no **Bloque 5** da materia (B5.3, Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia, e -B5.4. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.), mais tamén no **Bloque 2** (-B2.2. B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.) e deberán atenderse ao longo do curso, nomeadamente nas actividades de comprensión e expresión orais e escritas, a educación en valores ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Contidos mínimos para superar a materia ao finalizar o curso:

-Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos máis básico
- Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

-Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.
- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.
- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

-Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.

-Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico / Accións de contribución ao Proxecto Lector de Centro (PLC)

A dinámica de traballo nesta materia consistirá en traballar a través de Proxectos Documentais integrados. Un ***Proxecto Documental Integrado*** consiste nun pequeno traballo de investigación no que o alumnado, ademais de indagar sobre un tema ou problema concreto, se familiariza cos mecanismos de busca de información e traballo intelectual, empregando para iso os recursos documentais e audiovisuais da biblioteca escolar.

Os proxectos responderán a temas de interese do alumnado ou de pertinencia educativa e desenvolverán contidos curriculares, contribuíndo á adquisición de competencias básicas do alumnado.

Para o alumnado desta materia propónse a actividade extraescolar do Departamento de Lingua galega deseñada para o alumnado de Lingua Estranxeira Portugués: visita cultural a Portugal no 2º ou 3º trimestre e tamén a participación nun Club de lectura en lingua portuguesa.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

O traballo desenvolvido no curso e, especialmente, as sesións de avaliación trimestral desenvolvidas co alumnado serán tomadas en conta para ir revisando a programación establecida, para avaliala ao final de curso e para, se cómpre, propoñer modificacións de cara ao vindeiro curso.

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 1º BACHARELATO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
